


Núm 102

Tomo 9.<sup>o</sup>

# rós



CATILLAS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

---

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

---

ABONAMENTO

Doce números, na Península 8'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 >

Número solto 0'70 >

NOTA

*Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

---

SUMARIO

NA MIÑA LISTA DE NOITE, por OUTEIRO ESPASANDÍN.  
HORA D'UNHA RAZA, por J. Ia B. (trad. de VICENTE RISCO).

ENCOL DAS NEVERIRAS DO MOSTEIRO DE ACEBEIRO E DAS MÁMOAS DA SERRA DE CANDÁN,  
por F. BOUZA BREY.

NOTAS ENCOL DA LABOURA DE RESTAURACIÓN DE DOCUMENTOS (proseguimento), por ALFONSO VÁZQUEZ MARTÍNEZ.

DA ALEMAÑA, por VICENTE RISCO (proseguimento).

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS, pol-a REDAUCIÓN.

---

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 15 de Xunio do 1932 ★ Núm. 102

## NA MIÑA LISTA DE NOITES...

POR OUTEIRO ESPASANDÍN

Na miña lista de noites  
quedou sempre o teu arrecender de ausenza.  
Cando a lúa botaba o calabrote  
de liño ós afogados  
cruzabas tí a pratela do microscopio  
da meia noite.  
Seguiche a roita dos navios  
esquenidos da sua carga  
de emigrantes de carne tolleita,  
e no sono da alba  
a tua man barreu a fronte de ouro  
do neno que comerón os peixes.  
Mais, sempre alleas ós ventos  
fixos do deserto  
e á cana de pescar dos campanarios,  
as miñas arelas tunaron de cote  
camiños de seixos e de estrelas  
buscando o teu ollar gardado polos lazos.  
Sentiréi os teus bicos de aceiro  
cando un praneta  
me fira de coitelos n-un costado.



## H O R A D' U N H A R A Z A

Iste artigo escrito pr'a Bretaña, solprendeume mormente, porque me pareceu escrito pr'a Galiza. O que J. la B. dí dos pobos céltigos arredados da corrente da historia, dixérao eu hai anos n'unha conferencia feita no Circo Mercantil de Vigo, definindo á Galiza coma Fisterre. A ideia da predominanza en nós dos intereses espirituás sobr'os materiais, é corrente en moitos galeguistas. A das ventaxes da nosa organización económica atrasada frente á crise mundial e á total-as crises gerais de caráute económico, tamén a teño eu exposto n'un artigo que, entregue ao Consello Executivo do partido á que pertenzo, non sei ben de certo onde se chegou á publicar. Pol-o derradeiro, somentes me compre já repetil-o pensamento de J. la B. cando dí: «Somos demasiado poucos pra podermos encher un rol activo fora das nosas fronteiras, d'outro xeito que coma mercenarios dos outros. Abonda de Duguesclin, de Clisson, de Duguay-Trouin, de Renan, de Ronarc'h e de Briand na nosa historia». Eu digo tamén: nen máis Charinos nen Tenorios, nen máis Rodiles nen Méndez Núñez, nen máis Patiños nen Montero Ríos na historia de Galiza. Abonda de mercenarios dos outros.—V. R.

O século dazanove ten de particular o ter durado un pouco máis de cento sesenta anos. Encomenzou cos filósofos e os homes de cencia do fin do reinado de Luís XVI. Alongouse ben mais adiante do ano 1900 —que non marcóu cumo ningún— ainda máis adiante de 1914 e 1918. Woodrow Wilson foi un dos seus máis grandes homes. A paz de Versalles-Trianon foi o acumprimento dos vellos soños románticos. Porque o que fai a unidade d'iste período da historia dos nosos pais, é a fé cega qu'iles puxeran no «progreso», o qual tiña qu'asegurar co andar do tempo, a riqueza pra todos e a paz eterna. O século XIX recibiu os primeiros desmentimen-

tos co-a guerra, cuias ruiñas volveron en nada os cálculos qu'a fixeran nascer, e co paro inglés, que marca pra un gran pobo o fin d'unha era de prosperidade da que fora o principal artesano.

### MORREU UNHA FÉ

A desfeita de Wall-Street soou á sua hora derradeira. Fitárase outo de máis. Trabúcáransen nas previsões. Cand'un industrial despide aos seus obreiros e pecha os seus talleres e cand'iste industrial chámase Henri Ford, o mundo civilizado todo inteiro pregunta onda é que viu dar. Na sua ruiña,

precura un achego sólido qu'o ajude á s'endereitar. Apela ás suas creencias, e deprecátese de que já nonas tén. Da fé do industrial qu'anda atrás de non sei qué mesianismo económico; da do teorizador politeco que pide á unha forma de goberno ou á outra o paraíso na terra, da fé do sabio que precura na sua probeta o milloramento da raza humán; da do burgués que vé na Bolsa as columnas da fertuna pública; da do soldado qu'ofrece a sua vida pol-a grande patria, —ou non fica nada, ou pouca cosa.

O industrial já non vende os seus produtos; o político asiste impotente ao reinado da banca e precura sen chegar á elo, solucions administrativas ou diplomáticas aos problemas de cámbio, de producción, de finanza, que todo o domiñan; o sabio, sen pensalo, coma quen dí, dotou ao género humano da hyperita e do phosgeno; o burgués especulador já non ten diante d'il na alacena máis qu'unha morea de papel que val justamente pouco máis do que pesa; e o antigo combatente, soñador, pergunta-se pra que sirveu o sacrificio dos desaparecidos e pra defender qué intereses dubidosos sofreu e deitou seu sangue.

A humanidade desorientada, a humanida de que se decata de que sabe menos de biología, de química e de fisica, do qu'ela pensaba non hai vinte anos, a humanidade ponriba de todal as suas cofieencias un grande interrogante. Comenzou a liquidación das suas ilusões económicas. Está disposta á unha revisión geral de todal as suas ideias. Ela busca.

A popularidade qu'un Gandhi pode atopar no meio das suas vitimas dos Midlands di moito n-iste asunto. Vólvese á admirar ás sociedades primitivas, cuia estabilidade fai un contraste dino d'enveja co noso tolo rebulir. Un escritor americano, nado no país da máquina de facer "pasteles de porco", vaise iniciar respeitosamente nos ritos mágicos dos negros da Costa de Marfim, e pergunta-se en fin de contas si a feiticeira Wamba que arranja as pontes á distancia, non sabe moito máis que M. Einstein. Falando tanto da sabencia marela coma do ocultismo negro ou de todal as singelas creencias dos seus propios antergos brancos, o europeu

pergunta: «Tiña eu razón tan xiquera? Teño eu razón en todo?».

#### A HORA DOS PEQUENOS POBOS

Si no silencio d'esta imensa incertidume qu'atromenta ó celebro de todal-as testas escuras que tén a Europa toda, ten que dar logo unha hora, coido en que ha ser a dos pobos que non foron, que non quixeron ser, dos da orgullosa aventura industrial e que mantiveron o seu equilibrio material e cerebral que tanto lle falla hoxe aos outros.

Tornarase a gente cara istes pequenos pobos qu'unha historia cativa ou qu'un chán ingrato arredaron das festas da historia —coma cara unha fonte de Juvencio— pra recobrar ali concencia das permanencias da condición humán. Iste pequenos pobos cujas áreas geográficas recortan a Europa n-un viveiro de nódoas multicores apareceranlle com'unha aristocracia predestinada n-un instante de desesperanza ond'as calidades de caráute e curazón contan diante de nada pra os pobos coma pra os individuos.

Ao tempo que coñeceu a lei de ferro das grandes capitás, dos formigueiros cosmopolitas onde non conta máis qu'o dñeiro; ond'o home non é máis qu'un brazo. —pra servir unha máquina, faguer correr unha pena ou puxar unha chapa— ha suceder o que vexa espallar os dereitos naturais do ser humán.

Somentes nós d'aquela, nós, os pequenos pobos tradicionalistas, que tanto tempo lottamos por conservar as fontes puras da nosa lexitimidade de vivir, teremos calidade pra botarmos acimentos da nova Europa. Somentes nós temos conservado esta comunión co pasado, co a raza, co oficio, co chán, co-a familia, que poderá guiar con seguranza aos reconstrutores d'unha Europa sandada dos sonhos de potenza e riqueza, doce pra o home. Por iso saúdo eu o abrente d'un século novo que ha ser o noso século!

#### A OCASIÓN DOS CELTAS.

Poidan os Celtas aproveitaren a ocasión que se lles ofrez, pra deciren por fin a sua verba! Pódese admitir qu'o Renacemento resequido replegounos en si mesmos; qu'o

século XIX, apesar da escapada do Romantismo, non lle foi favorábele. Mais agora que se descobre qu'o home ten os seus dereitos por frente da abstracción estatal, por frente do diñeiro, por frente do inhumán debiu faguer ouvir a sua voz, a da sua impalpábele civilización, a máis humán que poida haber, feita de todos os fenómenos individuais. Se nono fan, é que endejamais han dicir nada, é que son ineptos pra decirn cousa ningunha,

Non hai razón valedeira pra qu'isto aconteza. Cando dicimos *Celtas* non é que digamos con énfase unha verba valeira. Os Celatas temos algo atrás de nós, e non fica espricado todo tocantes á nos con nos apricaren, anque lle non plaza á tal sabio en *us* ou en *oth*, o rótulo de «comunitarios de clan» ou tal outro que fixera de nós irmas de leite, na cencia social, de calquera tribu de pastores fugidos das eras primitivas. A formación social que foi nosa hai dous mil anos, non era privativa nosa. Hai longo tempo que non vivimos en clans. Temos participado no desenrolo da civilización europea, da que ficamos unha migia arredados *voluntariamente*. Hai un espírito nacional propio que nos anima, independente do tempo e das contingencias materiais, que nos levou de cote á sacrificalo todo ás liberdades segregadas do home, mesmamente os nosos intereses, ainda a nosa independenza. Leei a historia da Bretaña, unha historia *d'individuidades*.

#### A REVANCHA DOS BRETÓS

Non digo eu qu'a época que ven vai ser a nosa, sen ter matinado ben n'elo. Non pode ser outra cousa qu'unha reacción contra a que pasou e que nos foi coma ningunha estrana e hostil. Vivimos baixo do signo d'una dita cuia receta non é da casa. Foi alén do mar, nunha Cité ond'o perfil semítico casa curiosamente co-as loiras quedellas saxonas, onde nasceu o trato, onde nasceu o crédito, o desconte, o cheque, todo ise horroroso estimulante ao «business» que non ten más qu'un fito: a ganancia, e non ten más qu'unha saída: a quebra. Compre non esquecer qu'esta carreira dos ingresos atrás da ganancia, e non somentes un singelo

odio de raza ou de confesión, foi o qu'os levou á arruinaren ó comercio irlandés e á despoboaren á Escocia. Hoxe en día estase más agusto no mangado de terra do disgraciado Gael que non no enlousado de Londres. Á cada un, stún.

Com'os Irlandeses, tampouco nós fumos dos da orgullosa aventura industrial. (Un punto que nos achega á iles e nos arreda dos Galeses do Sul). Cand'as primeiras locomotoras ciscaron a suá grasa sobr'o ouro dos campos bretós, ningunha aclamación popular saudou o seu paso. Os nosos camiños fixeron amiudo mal ás primeiras bicicletas e aos primeiros automóveis, acollidos con pedras. Despois de non ter querido, *por razões morais*, seguir o movemento, as industrias bretonas foron decaendo ao longo do século XIX, e por fin desapareceron cáxeque todas. A repulsión dos Bretós cara os principios mesmos da organización económica moderna —colaboración, asociación, división do trabalho— foi a que fixo demorar a industrialización dos nosos oficios.

Endejamais o sentimento do seu intrés arremuxou aos nosos compatriotas á formaren esas ligas que de tempo en tempo se forman pra levar adiante tal reivindicación d'orde pública. Iles admitem de boa gana ainda as prerrogativas abusivas d'un goberno centralizado que non ten pra iles consideración ningunha. Confórmanse con pouco, e aman o que teñen. Están nos antipodas do espírito de negocios que conduciu ó mundo deica ó presente.

O século XIX condanara á Bretaña en nome do progreso. O progreso tivo razón deica 1929. En 1932, o progreso confesa que se trabucou! Já non hai argumento pra nos enterrar. En 1932, é a Bretaña *cáxeque sen parados*, onde tres millós e meio d'homes comen da sua fame, a que ten razón. Estrana revanca do homilde peisano d'antano que rillaba o seu pan reseso baixo d'un teito de gestas ond'os lobos viñan meter o seu fuciño gris. O progreso, se nos hubéramos deixado levar d'il, houbera feito d'il o moderno famento que, coa chaqueta apegada ás nádegas, vai agardar vez diante das sopa das caridade. Ao menos ó primeiro vivia do seu traballo!

## A NOSA MINSIÓN

Pra qu'un pobo vaia adiante, non compre somentes que teña confianza en si mesmo, senón ainda que teña concencia de que leva unha misión pra cumplir. Compre unha fé e o sentimento d'un deber pra ajustalos elementos esparegidos d'unha nación e arremuxalos nun esforzo coleitivo. Esta fé e sentimento do deber nonos ten a Bretaña. Pode qu'esta seña a espriadeira da inveterosimile dificuldade qu'atopa todo esforzo coleitivo antre nós, *calquera que seña*, pra coller corpo e duranza. Deamos aos nosos compatriotas a ideia de que no abrente do século vinte, teñen que jogar un rol, e veremos de novo ergueitos e unidos, com'estiveron nos tres curtos períodos da sua historia en qu'unha mesma paixón os abalou.

Estáse formando á través da Europa unha corrente ben forte de mocedades, atentadas polos problemas da reconstrucción da nosa economía e da nosa sociedade moderna desconfiada. Non lle tirémol a nosa simpatía nin a nosa ajuda. Mais non cometámos o erro de nos fundirmos coa elas. Já d'abondo temos desertado da nosa terra. E á cada un, sua tarefa. Qu'os que intentaron a aventura industrial s'apañen pra liquidal-a quebra.

A economía moderna puxo os seus problemas insolubles fora da nosa casa. No seu conjunto, a Bretaña ficou fidel aos modos de producción, de cámbeo e de financiamiento do tempo antigo, ainda mismamente nos arredores da sua única vila industrial. A labrega nantesa leva a manteiga e os óvos a vila, no brazo, com'a sua irmá dos arredores de Quimper. As artesanías de Chantenay viven co-a sua nai, com'outrora o braceiro dos outos-fornos de Trignac sabe qu'o caldo quente agárdao baixo d'un teito de colmo do Briére. As nosas vilas son mercados peisanos, ollados dend'Essen ou dende Pittsburgh. Ningún dos candentes problemas do noso tempo, de standardización, de raciona-

lización, d'urbanismo, atopa apricación ante nós, ond'o cadro social máis sólido do individuo é ainda e longe, a familia é o meio. Estamos nunha terra ond'ainda se construie pra os netos, ond'a publicidade lumiosa apenas aparez, e onde ten un o pan seguro pra mañá. Certamente, temol-as nosas dificultades: as nosas primeiras froitas e as nosas conservas vénndense mal. Pagámol-o noso escote á crise. Mail-a crise non existe orgánicamente pra nós, porque, apesar dos nosos recursos naturais, non temos comeido no noso chán ningunha das faltas qu'a houberan podido facer vir, com'afora (1). Non deixemol-o servizo da Bretaña, da que ninguén s'ocuparía non sendo nós, polo servizo dunha Europa que nonol-o habría agradecer, con seguranza. Faremos más polas outras naciós ofercéndolle da nosa, *restaurada e humanamente revalorizada pola nosa precua*, que non dándolle os nosos homes escolleitos e os nosos recursos, na hipótese dalgún grande desconcerto. O noso rol de pequena nación non é o de jorgarmos á condutores de pobos. Somos poucos pra encher un rol atípico fora das nosas fronteiras, senón é coma mercenarios dos demás. Abonda de Duguesclin, de Clisson, de Duguay-Trouin, de Renan, de Ronarc'h e de Briand na nosa historia. Non estamos en posición d'imponernos ningunha solución ao mundo. A nosa misión con respecto á il é á un tempo máis restrita e máis outa. Podemos ofrecer bons exemplos. Mais somentes c'unha condición: ficar na casa, facer obra humán na nosa casa.

J. LA B.

VICENTE RISCO, TRAD.

(1) Pra ben dicir, nós non sufrimol-a crise máis que pol-feto da nosa unión con Francia. O noso aforro amputado nos catro quintos pol-a caída do franco, os nosos tubérculos prohibidos en Inglaterra por mor do doryphora francés, a nosa carreira amenguada pol-a caída dos valores colocados enqui polas bancas de París, etc.

# ENCOL DAS NEVEIRAS DO MOSTEIRO DE ACEBEIRO E DAS MÁMOAS DA SERRA DE CANDÁN

POR F. BOUZA-BREY

Domente se van teimosamente esprorando as estazóns prehistóricas da Galiza son de estimar as referencias de lugares suscetibles de render material de interés. Cantos inquéritos se fagan pra se ilustrar sóbor da eisistencia de moimentos arqueolóxicos tien dempois compensazón debida.

Secuencia de tales búsquedas son as presentes liñas, nadas co intento de ilustrar en algunha cousa a memoria un moito esquecida de un sonado mosteiro de Bernaldo que conserva ainda, á falla de fondos documentaes que o lume e a noncuranza dos homes perdéu pra sempre, unha eirexa do máis famoso románico que se fixo n-esta Terra en que tanto esprendor acadou tal estilo arquitectónico.

Emprázase o Mosteiro de Santa María de Acebeiro na parroquia do seu nome pertencente ó Concello de Forcarey no Partido da Estrada, insuado ata o presente de todo outro núcreo de poboazón que as casas que o rodean, en ben escaso número, en medio de unha serra fríga, pizarrosa que agora poderá ser visitada por estar próxima á se rematar a estrada de Ventas de Narón á Folgoso que a cruza, á poucos metros do cenobio de Acebeiro.

Tal montaña, que as neves visitan todos os invernos e coroan nos más outos curutos ata ben entrada a primaveira, está inzada de mámoas.

As nosas perguntas á xente dos lugares inmediatos deron pouco resultado, por seren feitas lonxe do sitio de emprazamento;

mais pincháronnos a curiosidade cando ouvimos respostar con referencia á unhas supostas neveiras dos frades de Claraval que ocupaban Acebeiro. E con dúbida respecto á si tales neveiras eran creazón do pobo tratando de espriar os túmulos funerarios neo-eneolíticos ou si pol-a contra tiñan eisistencia histórica, fixemos algunas personaes esculcas.

O resultado foi en canto ás mámoas ollar con grata satisfacción cómo abondan os montiños tumulaes expresados por toda parte na serra de Candán onde o mosteiro se empraza e cómo á unha banda e outra da futura estrada érguese ditos moimentos, con pouca cota pol-o xeral indicando certa indudábel probeza constructiva no seu interior, sendo tamén o recinto abrangido por eles de pequeno radio. Algún vímolo santiificado tendo n-unha das suas abas un penedo con unha cruz de pedra espetada, de aspecto bastante antigo, como do s. XVII ou XVIII.

Dentro da serra poden emprazarse segundo o onomástico popular de este xeito ás por nós abessulladas:

*Grupo de Monte Olleiros*, formado pol o menos por catro mámoas, tres de elas moi xuntas. O tópico xa é indicador craro de xacigo prehistórico.

*Grupo de Porto Fieiro*; e

*Grupo de Campo da Serra*

Resulta indudábel pra nós que eisisten ainda outros grupos de mámoas ou medo-

tras espalladas polo monte que non puidermos abranguer na nosa escursión. As devanditas foron obxeto antes de agora de unha referencia no noso traballo, «La civilización neo eneolítica gallega» (1) baixo o nome xeral de mámolas de Forcarey.

En canto ó resultado obtido con respecto das neveiras, nada mellor que dar á lúa o documento que segue escrarecedor de costumes de algúns dos mosteiros máis soados da nosa Terra, topado nos restos do arquivo mosteiral. Védeo eíquí:

CARTA DENDE A CRUÑA Ó ABADE DE ACEREIRO SÓBOR DOS PAGOS DE DEREITOS REÁS POL-A NEVE E AS NEVEIRAS PROPIEDADE DO MOSTEIRO. Ano 1632. (2)

«Muchos días ha que abia escripto a V. P. y por haber estado en castilla no lo e echo Asta | Aora que el padre Procurador General me | Yns-ta y a ynstanto muchas veses para q. | Se tome la Ultima Resolución en esta | Materia, que hes que el conuento dé | Poder por comunidad para otorgar | Escriptura a favor del adiministraor. | General de los rreales derechos de la niebe | Yelos destos reinos, en que se obligue a | Darle Dies ducados cada año por las | Dos neberas q. tiene ese monasterio, pa | Gados en madrid y Ducientos du | Cados por una bes, que, sin los que están | En poder del Receptor de penas de Cámara, | los quales se han de pagar desde q. se en | Bargaron las neberas, Menos el año | q. V. P. dió la niebe a esta audi<sup>a</sup>, que hese | lo pagare yo al adiministraor., aun | q. V. P. la bendió muy bien bendida | Y aun algo mas q. la que se bendió | el año pasado En pontevedra; pero |

(1) Publicado pol-a «Junta para Ampliación de Estudios, Comisión de Galicia» no «Arch. esp. de Arte y Arqueología» n.º 19, Madrid, 1931.

(2) Carta escrita en tres caras de dous folios de papel a maneira de oficio, ocupando a metade de cada folio a escritura. Arquivo da parroquia de Acebedo, antigo mosteiro de Bernardos, na terra de Montes, Concello de Forcarey, carpeta con documentos soltos.

Bendala V. P. o nó siempre se a | De Pro..... (roto) | Neberas para su magd. q. no falta | rá quien se las compre a buen preço y a | Demas se pagaran de las temporalida | Des del monasterio mas de quatro | mill ducados q. Importaron los quin | tos desde su principio asta el esta | do presente. Y bien treconose V. P. | q. no a de estar en arbitrio y Bo-lun | tad del deudor pagar quando qui | siere y como quisiere y q. si ubiere | niebe y benta della se den Dies | Ducados no mas y q. si no la ubiere | no se dé nada y no será de conbeniencia | Para el monaste-rio el que yo pon | Ga un menistro todo el año para | hacerla recoger y beneficiar no | Abiendo de ser a costa de la ademi | nistración sindo del monasterio; | y Pudo V. P. Muy bien negociarlo | En la corte con el dueño supues | to q. se le abisó mu-chas beses y se | lo Dijo El Padre fray Bernar | Do Pisafio En Madrid; enton | ces reconociera V. P. lo que yo le | Deseo serbir y a toda la rre-lli | Gión Pues, aunque sobrado y meira y osera tienen Neberas, nun | Ca han bendido Y me he agus | tado con la desisión de la Rota | aun-que fué sin sitación del | fiscal de S. mgd. q. hese misma (sic) | Con-dena a los eclesiásticos q. la ben | Den Y an bendido q. la traye Dia | na en el nouissimo tomo y con los | de mas con quien se a echo Deli | Gencia, unos se an ajustado Por | lo bien que les está y otros an | ..... (roto) al adiministraor. Gl., como | son el cabildo de la santa Yglesia | De santiago Y san martin el rre | al de dha. ciud.; con que se sirbirá | V. P. De abisarme luego Por q. | se-rá forçosa hacer la diligencia | q. conbenga Ya que le paresca du | ro a V. P. el contrato En que yo pu | diere tener escrupulo por aber | traydo al adiministrador Gl. a dar su consentimiento para | q. se ejecute en la forma q. he pro | puesto a V. P. q. Me tiene siempre | Muy a su serbio deseando q. nues | tro Sr. le gde. m. a. Cor<sup>a</sup>. Y henero | 19 de 1632 | B L M de V. P. | su ma-yor seruidor | Ldo. Don franc<sup>o</sup> de oliuares (signado) | Sr. Abad de asebeiro».

E con isto damos por finadas as presentes notas.

# NOTAS ENCOL DA LABOURA DE RESTAURACIÓN DE DOCUMENTOS

Por ALFONSO VÁZQUEZ.

(Remate)

Derrámase a auga non absorbida e a xelatina hincha; lávase secandoa e meténdoa en auga simple que se cambia cinco ou seis veces, esprimese a xelatina e vértese auga destilada hastra alcanzar o punto que dementes se fixara, e dispois derrétese en baño María ou á lámpara directa.

No tratamento dos manuscritos ou códices si a restauración de que é mester non precisa a desencuadernación non se fai pero si a restauración é na ligadura entón fai falla o seu desligamento.

No tratamento e restauración coa xelatina e mester ter en conta a forza da tinta, pra que non sufra detimento nin considerable dano o pergameo e coidando útil facer unha pequena historia das crases de tinta e da historia dos traballos feitos para conseguir a sua reavivación nos pergameos que a forza do tempo conseguiu a sua casi desaparición; deterémonos un pouco tratando lixeiramente estes pequenos puntos cheos d'intrés pol-o grande auxilio que ás cencias físicas e químicas prestaron os traballos de restauración dos documentos en xeral.

As tintas mui diversas na antiguedade pol-o que respecta á sua composición adquieren ainda más variedade na Edade Media na que casi cada escola ou escritorio tiña a sua tinta, conservando a sua composición como un secreto tratando nos posibles que non transcendera á persoas alleas fendo que se ignoren as composicións das mesmas.

Alfonso Gallo fai tres categorías de tintas: a) tinta que se pode lavar constituída especialmente por unha solución gomosa na que están suspensas materias colorantes p. ex. negro de fumo; b) tintas fortemente ácidas preparadas coa noz de galla, levadura de cerveza, tannato de ferro, ácido de vitriolo

etcétera; c) tintas de media acidez nas que foi atenuada a dosis das sustancias corrosivas.

A maneira de obrar d'estas diferentes tintas é moi variada porque concurren xunta-




FIG. 11

mente unha serie de factores de indole tan diversa que unha mesma tinta pode atacar un pergameo vitelino seco porque na sua preparación tratouse con mais cantidade de cal e o contrario un pergameo grosso non ser atacado.

Un dos factores que máis influen na conservación ou non conservación da tinta e

por conseguinte na más forte corrosión da materia escriptoria é o clima espricándose eisi que as tintas exípias chegaran ó nosos



FIG. 12

días en bó estado a maior parte d'elas e que as tintas italianas en outros países de ambiente húmedo se disolveran e devaneceran.

A corrosión da tinta en algúns manuscritos é tan forte que fai desaparecer a escritura presentándose longas ringleiras que corresponden ós espacios da escritura desfeitos por completo.

Os líquidos da tinta na sua descomposición dando orixen á formación de outros elementos non solo diversos sinón de efectos perjudiciaes forman reaíóns que son ouxeto de grandes estudos e observacións.

A tinta de vitriolo italiana dos séculos XVI e XVII produxo danos que non aparecen n-outras bibliotecas da mesma época, Francia, Inglaterra etc.

En España o único exemplar que apareceu arruinado pol-a tinta era de procedencia italiana. O poder corrosivo da tinta fortemente ácida atravesa o pergamo e eisi o

P. Erhle fala da corrosión que sufriron o famoso Codex Alexandrinus do Brithis Museum, Códice Bíblico Marchalianus do Vaticano, o Virxilio do mesmo Vaticano o Pantea pisano da Laurenciana na que o seu coor amarelo oscuro e a sua corrosión esténdese deixa as orelas dos documentos. En vano se tratou da neutralización e atenuación da corrosión.

Antre os manuscritos membranáceos que sinalaremos como más danados pol-a corrosión da tinta son os chamados palimpsestos nos que tamén foi donde mais se traballou no estudo dos efectos da corrosión das tintas e os medios de obter a sua reavivación por medio de ácidos ocasionou nos mesmos pergameos perxuidos posteriores pol-a forte acidez á que se sometían.

Algúns foron tratados por medio do ácido tánico e en consecuencia tinguiuse o pergamo de marello gris e concentrado en marello oscuro (1).

Non somentes se empregou este ácido si non tamén a chamada tintura de Gioberti que lle dá un fermoso coor azur tendendo o craro cobre que permanece no pergamo que se aprica.

Nos palimpsestos os reactivos e a segunda tinta conxuntamente xunguidos son produtores da corrosión causa comprobada pol-as observacións e estudos feitos, pois non se esprica d'outro xeito o que a mesta tinta da segunda escritura ataque algúns folios somentes e n-outros en contacto con eles quedan intactos sendo todos do mesmo grosor e lixeireza.

Esaminados con detención os diferentes pergameos con lentes d'aumentos ouvise que n-aqueles que foron tratados por medio de ácidos teñen unha certa globulosidade coor brillante de negro pez que non teñen os non tratados, e a dita globulosidade coincide precisamente nos puntos tratados.

Eisi opina o P. Erhle opinión que non é compartida por todos pois a maoria atribúenos o exceso de reactivos usados inmoderadamente pra facer reavivar a primeira escritura.

(1) Erhle, F. Della conservazione etc., pág. 8.

En 1765 Leonardo Targa recomendaba nunha carta á Angelo Maria Bandini, Bibliotecario da Laurenciana, que probase o reavivar a tinta con noz de agallas indicando o procedimento que consistía en fazer fervor auga e nela a noz d'agalla, fervida filtrábase a auga e bañábase con ela lixeiramente con unha esponxa a escritura que ó parecer e dispois seca quedará clarísima. A noz emprégase pra facer tinta e o remedio é fácil e barato (1).

Molitos e moi diversos foron os tratamentos que sofriron os documentos e palimpsestos pra reavivar a sua tinta e moitas tamén as crases de compostos químicos que se empregaron cuia soila enumeración cos procesos do tratamento enchería varias páxinas, por conseguinte limitáronos á citar somentes os productos usados os cuales son a xa dita tintura de noz de agalla, o tanino o idrocianuro de ferro e potasio, a tinta de Globerti o sulfuro de potasio, o trisulfuro de potasio sulfatado o sulfuro de amoniaco, o sulfuro cianuro de potasio disolto en 15 partes de auga etc. etc. (2).

Pol-o que antecede todos estes reactivos cedo ou tarde deixaban as suas marcas más ou menos perjudiciais nos pergameos, conseguíndose momentáneamente a reavivación, pero á costa do material tratado.

Estes resultados induxeron á investigar outros procedimentos que non deixaron mal rastro do seu emprego estudando os reactivos formados á base de substancias vexetais que quizais fosen menos dañosas e dos mesmos efectos.

Cristóforo Marino de Nápoles dispois de moitas e longas investigacións atopou no reino vexetal unha pranta cuios resultados tiveron éxito pero non se permitiu a difusión do achádego permanecendo en segredo o descubrimento.

Ó que parece ista pranta era collida nas cercanías da cibdade; era unha erba común que cortada e desmiuzada facía secar a sombra obtendo d'ela un pô amarelo no que aparecían trozos rosas, verdes e amarelos o;

## NÓS

que metía nun recipiente en infusión nun baño d'auga común e n'esta infusión o documento que se tratava de reavivar.

Asegún a duración da inmersión o reavivamento era máis ou menos acentuado; o pergamo e a carta dispois do baño adequirian a sua antiga fleisibilidade que conservaban sempre así como a reavivación.

Fai trinta anos que Marino obrou co-esta herba e dende entón ningunha novedade se introduxo nos documentos por il tratados (1).

A morte de Cristóforo Marino ocasionou a desaparición d'este tratamento pois non se deu á coñecer o procedimento nin a crás de erba.

Euxenio Casanova director do Arquivo de Nápoles descoñecendo a erba de Marino enviou algunas das que máis se asomella-




FIG. 13

ban os botánicos pra que a identificaran pero o resultado foi nulo, e tratábase ó parecer de unha aición débil exercida por materias colorantes vexetais sobre da páxina as cuales dan maior evidencia á escritura pol-a reacción que producen sobre as sinalas de acidez da antiguedade (2).

(1) Cipolla, Carlo. Dell'impiego della nocedigalla, etc. páginas 5 e 11.

(2) Casanova, E. Archivistica, pág. 110.

(1) Casanova, E. Archivistica, pág. 110.

(2) Gallo, Alfonso. Il restauro, etc. pág. 74.

Si ben é certo que este procedimento que prometía un resultado satisfactorio desapareceu co descubridor, tamén non é descoñecida a laboura que no arte fotográfico se viña facendo en pro dos mesmos anceiros de restauración e reavivación das tintas.

Os raios Roentgen unha vez descubertos foron aplicados á Paleografía e o Doctor Brigiatti ainda con escasos medios que lle impedian obter resultados concretos sacou



FIG. 14

a consecuencia que as tintas tiñan composición de cinabrio sendo pol-o tanto aplicables á eles os rayos X pra poder estudar a sua composición.

Non se tardou moito tempo en que descubertos os rayos ultra-violetas habían de utilizarse n-esta rama paleográfica con tan magnífico resultado como ó obtido pol-o P. Kögel que utilizando os mesmos raios e aplicandoos á reproducción dos palimpsestos obtivo un resultado sorprendente.

As antiquísimas escrituras aparecen vivificadas na fotografía de tal xeito que deixan

os textos descritos cousa que polos medios ate de agora obtidos non era de bó resultado.

Este método fotográfico é empregado en duas vellas, a primeira á escritura máis antiga de palimpsesto avívase e a máis recente palidece (fig. 11) a segunda fase da por resultado avivar as duas escrituras (figura 12).

Notábeis e magníficos foron os resultados obtidos sobre o pergamo ennegrecido e cuáseque de todo ilexible así como tamén sobor dos pápiros de Erculano.

Empréganse na operación duas lámpadas de raios esclusivamente ultra-violetas os que obran con maior intensidade e eficacia.

O aparato Gallois consta pois de duas lámpadas unha de cuarzo pra a lectura e outra de vapores de mercurio pra a fotografía. Funciona no Laboratorio de Viena na Biblioteca do Estado con un dispositivo de defensa que perfeiciona o funcionamento, pois sendo perigoso tendo que facer grandes exposiciones fotográficas os testos permanecen expostos por un tempo grande sometidos á acción dos mesmos podendo causar efectos destructores polos que se recomienda non facer varias operacións na mesma páxina (1).

A acción dos raios ó parecer obra sobor da tinta en reacción ácida que é opaca á acción dos raios que producen sobor do pergamo fenómeno da fluorescencia (2); obran probemente sobre pápiros queimados privados de tinta ou pobres en componentes metálicos; a sua acción é ineficaz en raspaduras ou nos lavados cando desapareceu a letra.

Gracias ó admirabre concurso de MM. Lamglois e Omon pra os Arquivos e Biblioteca Nacional e o de MM. Pierre Jouquet pro Instituto de Papiroloxía e da Mlle. duquesa da Tremödille, e MM. Charles Samaran poideronse conseguir unha serie de experiencias empregando o aparato que M. Edmond Bayle director do Laboratorio de Policia xudicial instalou no Pazo da Xusticia e que puxo á disposición dos mesmos.

(1) Gallo, Alfonso. *Il restauro, etc.* pág. 76.

(2) Miliares, Carlo. *Pal. españolas*, pág. 323.

Estas experiencias foron presentadas á Academie des Inscriptions et Belles Lettres como proba e exemplo consistente n'unha serie de orixinaes, de fragmentos manuscritos sobre pergameos (raspados ilexibles á simple vista e con lupa) fotografiados cos rayos ultra-violetas e descifrados pol-o mesmo (1).

O resultado foi definitivo sobre todo n'unha páxina doble de pergamo que formaba parte d'un manuscrito de motetes, rondas e baladas anotadas que pertenecera á capela de Felipe el Bueno duque de Begofia e que servía de cuberta a un cuaderno de contas do Pazo dos de Tremouille pol-o ano de 1512.

Pol-o que se leu na primeira páxina que ocupa o recto da primeira folla era un manuscrito que tiña 49 foliñas das que non se coñece máis que o principio e constaba de 115 pezas que comprendían 79 motetes sagrados e profanos en latín e francés e 36 rondas ou baladas. Moitas d'estas pezas teñen por autor o celebre músico e poeta do s. XIV Guillermo de Machaut.

Alcanzóuse á conocer a data 1376 na que o escribiu un capelán que ainda non se poido identificar.

A importancia d'este achádego histórico musical é d'abondo bastante notable pra xustificar a gran importancia que ten o procedimento este de que vou facendo mención.

E pra rematar con esta pequena parte da reavivación da tinta engadiremos respecto das miniaturas que a sua reavivación é difícil porque a composición da cola e das sales que os antigos miniadores ou iluminadores facian pra preparar o pergamo e que este reciba a cõr foi sempre un segredo de escola ou de artistas diferente en cada lugar e en cada época.

O mesmo pódese decir respecto do dibuxo e coloreamento.

Son miniaturas pastosas xa que teñen o aspeito de temple e da acuarela que resisten a aición disolvente da humedad mentres que as escrituras palidecen (2).

O derradeiro método empregado na res-

tauración e reavivamiento das ditas escrituras está fundamentado no desenrollo e perfeicionamento d'este mismo procedimento e emprego dos raios ultra-violetas dos que se obtien maravillosos resultados.

Co que vai dito creo haber dado unha lixeira idea da actual situación d'este traballo que tan admirable papel de fontes auxiliares prestan a Diplomática e a Paleografía.

Moito se podería falar respecto das causas que contribuen á ruina e depauperación dos documentos como sería o estudo dos vermes e das diferentes crases dos mesmos, circunstancias en que se desenvolvían etc. causas que por ser moi estensas merecen traballo aparte e do que me ocuparei dentro de pouco con más extensión que a que podría levar n'este traballo.

Nas Universidades emprégase a chamada Cámara de desinfección que da excelentes resultados, xa que contén d'unha maneira definitiva o progreso dos vermes que amazan sempre coa ruina total de libros ou manuscritos.

Un dos moitos tipos empregado de cámara de desinfección sería o semellante o da figura n.º 3 que consiste n'unha gran caixa. A cuia proporción pra facel-a laboura máis rápida e eficaz, pode relacionarse coa capacidade do material que se vai a desinfectar.

Esta caixa ten no seu interior dous ou máis taboeiros a) un pouco elevados do chan da caixa no que se pousan os libros abertos pra que os vapores penetren ben pol-as follas e lombo do libro.

Pódense colocar varias ringleiras d-eles comenentemente separados uns dos outros pra seren ben tratados.

N'este interior vai un vaso ou outro depósito calquera b) que conteña a substancia química que ha de actuar.

Toda ista caixa ten na parte superior unha canaleta de zinc na que encaixa a tapa B.

Esta canaleta c) que arrodea toda a caixa ó colocal-a tapa enriba enchese d'auga co único fin de producir un cerre perfeito hidráulico.

Na Universidá de Santiago emprégase unha semellante de gran capacidade, cios

(1) Samaras, Charles. Application des rayons ultraviolettes, etc. pág. 349.

(2) Gallo, Alfonso. Il restauro, pág. 74.

resultados positivos vense d'unha maneira real.

Entre as sustancias ofensivas contra o verme do libro que se empregan podiase facer unha clasificación un pouco xeral que seria:

Substancias químicas: olorosas, asfixiantes, e irritantes ou tóxicas.

Nas primeiras comprenderíamos o alcanfor, benzina, naftalina, esencia de trementina, fumo de tabaco ou outras plantas aromáticas.

Nas segundas: gases deletérios ou vapores como os do cloro, anhídrido sulfuroso, ácido sulfúrico, benzina e o *sulfuro de carbono*.

E as terceiras serían: o alumbre, o bórax, pemento, etc.

De todas éstas a de resultados positivos é o sulfuro de carbono, que á temperatura ordinaria é líquido, pero que se evapora facilmente.

Procurarase que a atmósfera da cámara de desinfección esté ben saturada dos ditos vapores, quedando n-esta saturación os libros por espacio de unhas 24 horas.

Esta sustancia ten a ventaxa de non descompor as sustancias orgánicas e ser inofensivas pro papel e ligamentos etc, pero non é así pro home que ten que traballar con il con precaución por ser venenoso e explosivo.

Non se pode ocultar a importancia suma que ten canto se relate a coa restauración de documentos. Eiquí en Galicia, país que pol-a sua humedad é terreo apropiado pra descomposición e ruina do material que é a fonte inmediata pra hestoria medieval ain-

da pouco estudiada, ten gran transcendencia o escomenzar os traballos de restauración n-aqueles documentos que pol-a sua condición e importancia necesiten ser consultados frecuentemente pra impedir a sua total ruina e que sirvan e queden en condicións de ser sempre consultados polos estudiosos e investigadores.

Isto é de unha necesidade tanto máis grande canto que, conservándose no Arquivo Rexional de Galicia sito na Cruña unha cantidade inorme de documentación medieval, estásse perdendo irremisiblemente porque se tén abandoado de tal xeito que se ven d'un dia pro outro desaparecer, causa fara-lamentable cando a sua restauración se-ria doada i-é un cargo de responsabilidade moral pros que, estando ó frente dos mesmos non dan a sinal de alarma pra que si ate agora estivo en abandono se remate d'unha vez co-este estado de cousas empezando primeiro pol-o traslado á un lugar apropiado e acondicado pra a sua conservación.

Pénseno ben e reclámense os poderes todos aqueles auxilios económicos que son mester pra obter un resultado de máxima eficiencia e practicidade.

Que este toque de alarma sexa ouvido e que non se antepoñan os intereses locais cando se trata de obra que interesa non á unha cidade determinada sinón á todo unha rexión que quere descubrir e coñecer o seu pasado, posto que unha mala comprensión localista impidiu ate agora a realización do que tanto importa os estudiosos e investigadores pra os que sempre foi un sono facilitar o estudo do Arquivo da nosa Galicia ás can- tos por elas se interesaran.

## B I B L I O

- Arneudo.—I enemici e gli amici della carta, Le vie d'Italia, XXVIII (1922).  
 Barone, Nicola.—Lezioni di Archivistica, Nápoli, 1914.  
 Biagi, Guido.—La morale dell'incendio di Torino, Nuova Antologia, 16 Marzo, 1904.  
 Biagi, Carlo.—Insetti nemici dei libri, Riv. delle Bibliot. e degli Arch. Tomo 15.

## G R A F I A

- Biagi, Carlo.—Della conservazione dei manoscritti antichi, Riv. delle Bibliot. e degli Arch. ano IX.  
 Biagi, Guido.—Di un futuro Congresso internazionale per la riproduzione dei manoscritti delle monete e dei sigilli, Riv. delle Bibliot. e degli Arch. 1904.  
 Biagi, Guido.—L'Officina per il restauro

- dei documenti nel reale Archivio di Stato in Firenze, Riv. dalle biblioteche e degli archivi. XXVIII, 1917, páxs. 92-102.
- Bonnardot.—Essai sur l'art de restaurer les estampes et les livres, ou taise sur les meilleurs procédés pour blanchir, détacher, décolorer, réparer et conserver les estampes, livres et dessins. Paris 1858, 2.<sup>a</sup> ed.
- Casanova, Eugenio.—Archivistica, 2.<sup>a</sup> edición, Siena 1928.
- Casanova, Eugenio.—L'Archivio di Stato in Napoli dal 1.<sup>o</sup> de Gennaio (1899) al 31 de Decembre (1909). Notizie raccolte da Napoli, 1910.
- Casanova, Eugenio.—Bolettino ufficiale del Ministero della Pública Instruzione, ano XXXVII (1909), Vol. II, n.<sup>o</sup> 54-55.
- Chilovi, D.—Per la Biblioteca di Torino, Nuova Antologia, 1904 Aprile.
- Cipolla, Carlo.—Dell'impiego della noce di galla per ristorare i caratteri oblitterati (nella Miscelánea di studi sorici di Antonio Manno, Vol. I). Torino (Opess) 1912,
- Coggiola, Giulio,—La rilegatura dei libri nelle Biblioteche. Riv delle Bibliot. e degli Arch. a XXII.
- Conferenzia internazionale di S. Gallo per il restauro degli Antichi Códici. Riv delle Bibliot. e degli Arch. ano IX.
- Crouert, Guglielmo.—Über die Eshaltung und die Bchandlung der Herenlauensischen Rolben. Neue Jahrbucher für das Klassische altertum 1900.
- Erlhe, Francesco.—Per il restauro dei manoscritti Rivista delle Biblioteche e degli Archivi ano XXII.
- Erhle, Francesco.—Della conservazione e del restauro dei manoscritti antichi. Riv. delle Bibliot. e degli Arch. 1898, ano 1898.
- Erhle, Francesco.—Della conferenza internazionale di S. Gallo in 1898 Riv. delle Bibliot. e degli Arch. ano XX.
- Foi publicada en Alemán no Centralblatt fur Bibliotekswesen o 26 de Xunio de 1909 e traducida ó francés na Bibliothèque de l'Ecole des Chartes LIX Paris 1898 e traducida pra a Revue des Bibliothèques Paris (Marzo-Maio) 1898 e a publicación en italiano.
- Gallo, Alfonso.—L'officina napolitana dei papiri ercolanesi per Accademi e Biblioteche d'Italia-Roma 1927-1928.
- Gallo, Alfonso.—Il restauro dei manoscritti e dei documenti Accademia e Biblioteca de Italia fascicolo 5-6, 1927-1928.
- Gallo, Alfonso.—Per una lotta razionale contro alcuni enemici dei libri. Accademie e Biblioteche d'Italia n.<sup>o</sup> 4 1929-1930.
- Giacosa, Piero.—Relazione dei lavori intrapresi al laboratorio di materia médica per il ricupero e restauro dei códices appartenente alla Biblioteca di Torino. Extrait de Accademia Reale delle Scienze di Torino an. 1903-1904. Accad. Ital. 1903-1904 Atti n.<sup>o</sup> 39.
- Giacosa, Piero.—Sui lavoro finora fatti nel Laboratorio di Materia médica della Regia Universita per il ricupero dei codici danneggiati dall'incendio della Biblioteca del 1904. Accad. delle Scienze di Torino Atti 48-1912-1913.
- Giornale di Caserta.—El museo Campano. — Nuevo método di restauro delle antiche scritture. Anno VI n.<sup>o</sup> 20.
- Graziano, Giuseppe.—Per l'igiene delle Biblioteche. Riv. delle Bibliot. e degli Arch. año 18, páx. 157.
- Guareschi, Icilio.—Delle pergamena con osservazioni ed esperienze sul ricupero e sul restauro di codici danneggiati negli incendi e notizie storiche (Extrait delle Supplemento Annuale alle Nuova Encyclopædia di Chimica XXI Torino 1906).
- Guareschi, Icilio.—Osservazioni ed esperienze sul ricupero e restauro dei Codici danneggiati dall'incendio della Biblioteca Nazionale di Torino. Memoria 1.<sup>a</sup> do socio na Accad. Reale delle Scienze di Torino. 1903-1904; Memorie, Serie II, 54.
- Haldat, C. N. Alexandre.—Recherches Chimiques sur l'encre, les causes de son altérabilité et les moyens d'y remédier.... par.... an XI páx. 45.
- Hauler, Edmond.—C. Beokman Frontonia na compte rendu dans Zeitschrift fur austrichische Gymnasium 1903 I. A propos de notre fronton, parle de sa restauration.
- Hurichsen, F. W. Die Untersuchung von lisen gallustinten aus die Chemische Analyse VI Band Stuttgart Euke 1909 ink 4,80.

- Houlbert, Constantino.—Les insectes ennemis des livres. Paris 1903.
- Kögel, Raffaele.—Photographie des palimpsestos. Conference donné le 1<sup>er</sup> juillet 1925 dans la Sorbonne dans l'amphithéâtre de Physique sous les auspices de l'union internationale de Photographie.
- Kögel, Raphael.—O. I. B. Handbuch der Photographie historischer Dokumente und der Grundzüge ihrer Reproductio Leipzig 1913.
- Mai-ne, Vincenzo.—Communication faite à l'Association médicale Napolitana sur un procédé trouvé par lui, de faire revivre les écritures effacées. Gli Archivi d'Italia II 1915, pax. 46.
- Martini, Emidio.—Per l'oficina dei papiri ercolanesi (Nota letta alla Real Accademia di archeologie Lettere e Belle Arti nella tomata del 15 dicembre 1903 estrait du Rendi conte dall'Accad.... anno 1903 Serie II, 18-19 pax. 21-42 Napoli 1903.
- Mastrorilli, Maurizio.—Considerazioni critiche sul restauro degli antichi manoscritti. Naples 1912.
- Millares, Carlo.—Paleografía Española.
- Monaci, Ernesto.—Per le nostra biblioteca. (Extrait de Nuova Antologia 1<sup>er</sup> Mayo 1904 Appuntes des bibliothèques de Roma et d'Italia et de leur mediocre organisation) Nuova Antologia. Vol 110-1904 Roma,
- Nicholson, E. W. B.—Report by Bodley's library to the curators of the Bodleian Library on the conference held at A. Gallen Septe 30 and Oct. 1898. Upon the preservation and repair of old mass..
- Palimpsestorum.—Spicilegium palimpsestorum arte photographica paratum per S. Benedicti monachus Archiabatii Beuronensis Volumen I. Beuron-Lipsia, 1913. Contén o códice sangallense 193. P.
- Posse, Otto.—Handschriften Konservierung nach der Verhandlungen der St. Gallener Internationale Konferenz zur Erhaltung und Ausbesserung Alter Ihes von 1898 so-
- nie der Drendener Konferenz deutscher Archivare von 1899. Dresden, 1899.
- Rostagno, E.—Della riproduzione de «palimpsesti e d'un nuovo sistema ad essa applicato», Riv. delle biblioteche e degli archivi, T. XXVI, 1915, páxs, 58-67.
- Samaran, Charles.—Application des rayons ultraviolets au déchiffrement des passagers grattés ou effacés dans les manuscrits. Comptes rendus de l'académie des inscriptions et Belles Lettres. Paxs. 348-355, Paris 1925.
- Samuleson, E.—De la restauration d'anciens manuscrits par le «Hitt». Actes du Congrès international des archivistes et des bibliothecaires tenu en Bruxelles no 1910, pax. 205 e seg.
- Schill, E. Auleitung zur Erhaltung und Ausbesserung von Handschriften durch Zapon Impragniseng. Dresden.
- Schluttig, O. etc. Neumann, G. S.—Die lisengallustinten Grundlage zu ihrer Beurtheilung dresden v. Zahu de Jaensch 1890, Autinte dans Muspratt Chemie VIII.
- Schoengem, M.—Ueber die Haltung und Ausbesserung der Archivalien Bericht von bers ochen ann 2 gm. 31 August 1910 auf den Internationalen Congresse der Archivare und Bibliotecare zu Brünn.
- Torri.—I restauri dei codici della Biblioteca Nazionale di Torino extracto da MOYEEION I 1923.
- Venturi, Raffaele.—La conservazione dei libri nelle Biblioteche e la tecnica legatoria per... Maestro legatore nelle Scuole professionali salesiane di Firenze. Riv. Delle Bibliot. e degli Archiv. 1912, páxina 133.
- Vittani, G.—D'un méthode pour faire revivre les encres étudiée à Milan en 1792-93. Il Libro e la Stampa Bol. Uff della Società Bibliográfica Italiana pax. 161-an 1912.
- Voterro, Pier.—Igazio Conservazione e restauro dei documenti Pisa 1912.

# D A A L E M A Ñ A

## III. BERLÍN

POR VICENTE RISCO

(Proseguimento)

po pra santos. Ou se cadra, será millor que non outros. Cecáis os más grandes señan os dos derradeiros días... *Os santos dos derradeiros días* tidóanse os mormóns, coma dicia aquil rótulo na Sociedade de Geografía de Paris. Pode qu'os católicos verdadeiros de hoxe estéamos destiñados á sér molos Santos dos Derradeiros Dias...


*Das Kreuz unser Sieg...* Quer isto dicir que sofríremol-a Cruz? ¿Que non teremos outra vitoria que sofril-a Cruz? Lembrom'agora d'un soño que tiven hai moito tempo, e que m'arrepiou ate o miolo dos ósos... Era na Alameda d'Ourense; estaba a



Siluetas de Wannsee

miña nai e moita xente coñecida; estábamos ollando cara ao poente do sol, por riba do Salto do Can, e dos montes das Pipipileiras, de Piñor e de Santa Ladaiña. Había ali no ceo moitas nubes, coor de chumbo, coor

de prata e coor de ouro. E por antr'as nubes, viase o ceo, mais non o ceo azul qu'ollamos todolos días, senón o ceo Empíreo, o derradeiro ceo, e no ceo a Santa Virge, co neno, coma nos nacementos, somentes que



Siluetas de Wannsee

real e verdadeira e palpábele, e arredor, os anxos e os santos, e toda a Corte Celestial, toda d'igual realidade, e a xente toda qu'o via estaba chea de pasmo e de medo, e eu espertei ainda co convencimento de qu'era o derradeiro día do mundo.

E agora, cando vexo as cousas, coido qu'o mundo ten merecido d'abondo que chegue o seu día derradeiro, e vólveme o arripio aquil d'aquil soño.

*Das Kreuz unser Sieg...* Históricamente, de quén será a vitoria? Espiritualmente, pra o cristiao, o sofril-a cruz, é vitoria d'abondo. O cristiao endexamáis pode ser vencido, porque o seu reino non é d'iste mundo; o cristiao trunfa na derrota e na morte; a Igrexa trunfa na persecución... Mais o qu'acontez no mundo é unha pena: é unha pena,



Siluetas de Wannsee

primeiro, pol-as almas que se perden, e logo pol-a ruiña da cultura cristiá e do conceito cristiao da vida. Ademáis, dixosenos que *portae inferi non prevalebunt adversus eam*, e sabemos ben qu'os que semellan venceña non han facer máis que criaren a sua propia ruiña; pol-o tanto, s'o mundo dura ainda, illes non han poder matal-o espirto, e un dia ha chegar en qu'o espirto crebe as suas cadesas, e desfaga as obras d'iles, porque non pode ser qu'o espirto estea así sempre sometido. Non poden; todos temos adentro de nós un santuario ond'iles non poden entrar, ond'o espirto é inteiramente libre, e pódese entregar á Deus sen que llo poidan impedir.

Ben; mais, se non poden matal o espirto, nen de todo encadealo, pódeno pervertir; e ademáis, a impiedade ten que ser vencida socialmente —*adveniat Regnum tuum*— s'o mundo dura...

Sintirán os cregos esta tremenda tragedia?

Pois ahí tendes vós. Apesar da miña eisaltación católica, e de levar moitos días matinando n'-ir, en pouco estivo que non fose a festa de Grunewald. E senón fora pol-o Ca-

nedo, que é relaxado e descreido, non houbera ido tampouco. Fixoseme tarde, entretivémonos no «restaurant», surtimos de vagar pol-a Brandenburgischesstrasse, sen saber qué fazer, ata que por fin ocurriuselle ó Canedo ir á festa católica:

—Vde. debe ir; halle gustar; imos aló...

E fumos. Fumos collar un carro eléctrico aló por ond'un vai pr'a Austellung..., e chegamos por unha fermosa avenida ao Stadion. Collimos as entradas, e entramos. Non é que me gustara moi, moi todo o qu'allí vin; mais emocionoume. O Stadion cheo. Os más, levaban na solapa unha insinia que ali vendían, e qu'eu merquei e puxen tamén. Era un pequeno cadriño negro con orla dourada, qu'amostraba unha man branca collendo unha cruz marela, no centro da qual ostentábase en branco o Crismón ou Monograma de Cristo, e levaba a inscripción *28 Märk katoliken Tag, Berlin 29-6 1930 Das Kreuz unser Sieg*. Estivemos nos asentos más ou-tos do Stadion; había por ali moitos ampliadores da voz pra que s'ouvira ben aos oradores. O Stadion é tan grande, qu'as figuras da área vianse coma formigas, e o público da banda do cabo, viase com'unha masa uniforme que se movía e remexía. Habia se-



Siluetas de Wannsee

flores con bandas gardando o orde, acomodando á gente, atendendo á todo.

A festa tivo toda a visualidade, o coorismo, o barroquismo, o gusto dos conjuntos, das formacions e dos desfiles en masa, de cote un pouco militares, propio dos alemanes. Arredor do Stadion, voaban no vento inmensas bandeiras: a bandeira da Igrexa Católica,

mitá branca mitá marea, en duas bandas ao longo; a bandeira tricolor (republicana) do Reich, negra, bermella e marea; a bandeira da cibade de Berlín, branca con orla bermella e no meio o oso rampante negro; a bandeira de Prusia; outras bandeiras.

No centro do Stadion, riba d'un zócalo con graderías, erguiase unha gran Cruz branca, co Crismón no cruce dos dous madeiros. Cando nós entramos, estaban já formados aos lados da area os infinados porta-estandar-

tes das asociacions católicas, uniós, organizacions de mocedade, sociedades d'estudantes, escolares, coros, cofradías, irmandades, etc., etc. Estábbase cantando un coro, e pouco despois, falou o representante de Hesse en Berlin, Augusto Nuss. Novos cantos e toques de trompetas, e logo, nenos vestidos de vivos coores, traguendo froles, arrodearon a Cruz e foron deixando ali as froidas ofrendas, simbolizando o homenaxe á Cruz das belezas da Natura.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### ATENEO POPULAR CORUÑÉS

Ista entidade organizou un ciclo de conferencias de cultura galega que rematou con unha maxistral disertación de Castelao.

Ademáis tomaron parte no ciclo, o diputado Ramón Suárez Picallo, que o inauguro, falando sobre «Galicia, unidad cooperativa», os membros do «Seminario de Estudos Galegos» Sebastián González e Xoaquín Lourenzo, que desenvolveron os temas «Galicia, unidad de culturas» e «A muler na poesía popular galega», e o mozo abogado Xan López Durán, que conferenciou encol de «Galicia, célula de universalidade».

### OS PORTUGUESES NA GALIZA

Ultimamente, honraronos en sas visitas os ilustres señores Rodrigues Lapa, Mario Saa e Mario Cardozo, que percorren en vixente de estudos a nosa terra.

Ó longo da súa vixente foron atendidos os distintos hóspedes polos más preclaros figuras da nosa intelectualidade. En Santiago visitaron o «Seminario de Estudos Galegos».

Ó sair da Galiza enviámoselle a nosa despedida cordial á estes insignes fillos da nación irmá, que nos deixaron unha grata impresión de saber e simpatia.

### RISCO E OTERO NA UNIVERSIDADE GALEGA

Invitados pola Sección de Estudos Galegos que funciona na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, pronunciaron sendas conferencias os nosos queridos e admirados compañeiro de redacción Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo.

O noso director desenvolveu o tema «Introducción ó estudo do folclore galego». Comenzou definindo o conceito de folclore segun o entendido as principais escolas, terminando por afirmar que a etnografía como ciencia xeral da cultura, comprende como divisións e como aspectos particulares, a etnografía —o folclore— e a historia, a sociología, a psicología dos pobos —Völkerpsychologie dos alemanes, criada por Wundt— e a teoría da cultura, que lles chaman Kulturmissenschaft. A historia sería a ciencia descriptiva e narrativa da evolución das culturas superiores; a etnografía, a da cultura dos pobos que non teñen historia; o folclore sería un caso particular da etnografía: o estudo da cultura das camadas menos históricas dos pobos históricos. O folclore é unha disciplina nacional, porque precura de culto o enxebre. Por isto, nos tempos de renacencia da personalidade dos pobos é cuando collen pulo os estudos folklóricos. En Galicia atopamos xa datos folklóricos recollidos e utilizados a partir dos séculos XVI e XVII, Eisi en Castellá Ferrer, Moilán, Gándara. Ora o que máis e mellor utilizou as tradicións po-

pulares foi Murguia. Do tempo dos Precursors hai muitos traballos soltos. No 1884 fundouse o *Folklore gallego* que produz varios traballos de recoleita metódica, publicados en diversos volumes da *Biblioteca de las tradiciones populares españolas*. Chega a nova renacencia galega de 1916. Dende 1920 é a revista NÓS a publicación que mais frecuentemente inserta traballos de folclore. Fundado o Seminario de Estudios Galegos, é este o que realiza a mais importante laboura. A obra dos Precursors ten un venerable prestixio; mais non pode ser accreditada á elas. Temos que reconozcenzal-o trabalho, collendo de lles somentes os datos concretos. Pra a inxente laboura que temos de facer, precisámolo: un criterio, xeral, esprixutivo dos feitos, que nos pode ser dado pola escola histórico-cultural de Frobenius e do P. Schmidt, acentuando en moitos puntos as llinhas xerais do sistema. Unha imaxe, xigenera esquemática e provisional do ser etnológico de Galicia; que é un Fisterre, un cabo do mundo, un recanto recorado de Europa, —o que específico o arcánsimo das formas culturais galegas— e o extremo sul da Celtia, pol-o cal os nosos escudos deben relacionarse co folclore dos demás pobos gaélicos, así como co folclore portugués. Galicia é un pobo labrego, de economía familiar, de producción non especializada, cula vida comunal reside na parroquia. O conferente continúa describindo a facies etnográfica de Galicia. Finalmente, necesitamos unha coñecencia da metodoloxía do folclore, que comprende as labours de recoleita, clasificación do material e interpretación. Remata Risco, indicando os criterios que deben presidir ista laboura.

Otero Pedrayo fixo un tremoso estudo de xeografía humana, ocupándose das vilas galegas desde aquél punto de vista. Trata o problema das vilas e o seu aspecto xeográfico en xeral. As vilas e cidades son os verdadeiros habitantes da terra. Elas fan a historia universal. No medio do caos deltan unha raíña de lles. Cada unha ten o seu circulo propio. Algunhas atinguen unha importancia de gúleiros da historia dos pobos. Describe os caraceres xenerais da agrupación humana na Galicia, segundo os cuatro estaus do relevo propios da nosa terra. Subraia o atracción do relevo, remarcando a atracción exercida polo mar e os vales. Describe a gradación no tipo da vila desde a pequena agrupación delas a cidade. Estuda os tipos de vilas e as caracerísticas das cidades, facendo notar que hai un longo período dubioso na creación das vilas. As cidades galegas podense clasificar en interiores, de estuario e de costa. Entre as primeiras figuram as do Mido, como Ourense, Lugo, Mondoñedo, cunhas caracerísticas estudas. Tipo de vilas de estuarios son Puentedeira e Tui. De costa, A Coruña. Ocupase do caso especial do Ferrol, vila de creación natural, pero de desenvolvemento artifcial, xaxeteado a un plan urbán, non espontáneo. Finalmente, estuda a Santiago, vila de enxerto, pero en cuia formación entran outros elementos.

## LIBROS

EDUARDO BLANCO AMOR: «Poema en cuatro tiempos». Bos Aires, 1981.

A posición natural e sincera de Blanco Amor é a posición modernista. É, clásico, o más típico poeta modernista gallego. O modernismo é unha escola ou unha coincidencia de escolas que xurde, como espríndido froito, no horizonte da lírica castelao-americana. Mais este horizonte non é un *hortus conclusus*, e as ponelas das súas árbores rebordan ó muro e deixan caer, nas leiras colindantes, a branca flor que, soterrada no terreno proprio, espalla unha semente aliena. O modernismo chega a Galicia desfigurado, como o gótico. Polas mesmas causas, que diré algún dia. Mais como en Galicia hai un Santo Domingo de Puentedrada, hai un Blanco Amor.

Mais Blanco Amor sabe ben que o modernismo pertence ó pasado. Espírito inquieto, temperamento díctil, estudiado leitor, deixa a súa dorna lírica, Odysseus de celos ouvidos, polo mar da poesía, onde cantan as novas sirenas. El deixase engolir. E cando na arboleda lírica agruma unha ponla nova, o paxaro da súa arte vai presuroso facer nela o seu nido. Eis se expresa unha boa parte de «Romances galegos», rapsodia de Amado Carballo. Mais a maneira espontánea de Blanco Amor é outra, anterior á Amado: é aquela que, arrincando en Francia de Beaudeilaire e floreciendo en Verlaine, en Rimbaud, en Mallarmé, en Leconte de Lisle, en Sully Prudhomme, pasou ó castelán con Rubén Darío, con Herrera Reissig e os más iniciadores e creou un espírito poético que, sometido á diversas influencias, produxo a lírica ibérica de principios de século, nalguns poetas —como Blanco Amor— xa, certo, de abondo alejada das fuentes primitivas.

Por estas razões, «Poema en cuatro tiempos», sinfonía do mar, de excelente orquestación, é, no intento, un poema de vanguardia; mais no ritmo, na idea, no espírito, se trasluce unha esencia menos avanzada, a esencia de aquela estirpe poética de que é criatura Blanco Amor.

Ninguén nos tempos modernos, agás Manuel Antonio, cantara en galego tan amorosamente ó mar. Se non se houbera escrito «De cuatro á cuatro», «Poema en cuatro tiempos» marcaría un hito na historia da nosa lírica. —R. C. C.

DESAMOR, por Jules Remember, Montevideo, 1981.

De Montevideo —monclo visto eu— d'esa República que seva un nome de cheo amerindiano que sona unha migalha émbarco, e o alcume paradigmático de Oriental, vesten de cote cousas raras. Desamor non é molto, senón moi natural e crudo. E más di: «Nosotros, los modernos... Nosotros, gente nueva... A qué ese empeño en clasificarte? Es que no puedes ser tú solo, ser tú mismo». Anque ainda non sabemos ben a los poetas deben decir más ben *más o en*, por de pronto aplausamos esas verbas. En Desamor hai un poema titulado *Galicia* (o n.º XVII). É a Galicia dos pinos e do mar. Convén que se selpu tamén qu'hay a Galicia das gádoras e dos bidos. —V. R.

PEREGRINO DA NOITE, por António Paço d'Arcos, Lisboa, 1981.

O saudosismo é unha metafísica dubidosa e trágica que, en Paço d'Arcos com'en Telceira de Pascoaes, expresa líricamente — como caso particular de cada poeta, qu'a visión panteísta, allá puramente esotérica, proxección en drama cósmico — a lotta desesperada da nosa raza occidental con Deus... Mais veleiqui unha idea perfectamente cristiana, que ven já do Vello Testamento, onde Jacob lotta unha noite între co Anxo d'El Señor, onde Job polemiza co propio Criador, con sublimemente homil-

de rebeldia. Sabemos qu'El Señor comprácese n'esta lotta, e encadarse despois coma prémio da l'alma triunfante, más achegada á Il camiño máis probada, e más ainda, cand'lo o que se pon a prova é a fe, e ésta persiste á pesar de todo. Do que se deduz qu'o saudosismo ten unha solución. Paço d'Arcos apresenta en tercetos dantescos, nunha Divisa Commedia subjetivada, —lírica — o seu caso particular do que erguer o diagnóstico portugués no risco de maguar a beleza do poema. —V. R.

CARBALLO CALERO, Ricardo, —*La Soledad Confusa*, Imprenta NÓS, Santiago de Compostela, 1982. 38 páxs., 8.º.

O Carballo Calero, fonte de lanzaña clívica e lírica que todos sabemos, aparece no noso horizonte literario con iste libro de poemas en verso de Castela, que tería de ser paradoxal ou sinistro no A. de «Viñeiros» senón tivese, por íntima, cordial revelación do Poeta, o sifilizado de derradeiro pulo para erguer ancora n'un leixado porto cara ó mar aberto da ledra mañán lírica da Galicia. É un adeus esquivo, un lastre espiritual ceñido en preto só por un dos más crudos pensamentos contemporáneos da Terra. Escuitemos o runxir de cades tomada ó rubor á borda limpa e crasa, o bambeante do barco sonoro e ollemos a brasa noa, en fin, alonxarse da badía mol e queda en percusa dos halbordos temerosos do mar escumante da nosa re-cobración.

Lecturas da moderna poesía castellán reverente na obra do A. que se abre con feiste de romances octosilabos, guardadores de temas bírricos inzados de modernidade, de um erotismo fresco e inextenso. Eu quedome con aquel *Romance del petardo frustrado*, novo coado unha cereixa de Maio, saudoso e infantil como a lembranza que nos acede ó lobo. A mesma candura da dicción natural cara él. Quizás por ser un anaco de vida do Poeta non aparece ali o artificio de certas arquitecturas do preciosismo neo-gongorino que en outros se albisca:

«Abel pastaba la lana... (*Romance de Cain y Abel*); «nieve sonora y amante...» (*Romance de la fuente escondida*); «Pella una incendia allí el sol...» (Id.).

Nos sonetos *A María de los Dolores Viñeu Otorel* e *A Mí mi bebéndole un refresco de fresa* asoma a voz polícroma de Xardón de Diego na sua más escelsa estructura *Giralda en prisma puro de Sevilla...*

Templo a los cielos de la euritmia alzado,  
arquitectura de ideal firmeza,  
ritmo sereno, mágica justicia,  
estandarte de gracia desplegado...

(A María...)

Puente y túnel de miel a miel tendido;  
de fresa a fresa, líquida, coherente,  
Entre frescas sabor y color, puente.  
Tono al ascendente trem fluido,

(A Mim...)

e, ainda más gongoriso, no *Tela de araña*, espresase:

Arquitecto y artífice eminentes  
que el filo tiende, que el bosquejo traza;  
mina y minero al par de la que enlaza  
plata, un rosal con otro, suavemente.

El viento miente, de cautela armado,  
Puente de plata no; si de alas huecas.  
El puente bald, que río no es el viento.

Un terceiro grupo de poemas lembra a estructura esterna e os motivos garcialorquianos con enxebre expresión concisa con mestra fondura temática. Non resistiu a transcriber isto xogo que cásque acada a brevedade do hal-kai;

V te me ofreciste, V, terça,  
te me volviste a ofrecer

Fruto de mi propia cerca  
yo no te quise coger.

Yo, con sed, ante la alberca,

¡Oh el exquisito placer  
de tener el agua cerca  
y no quererla beber!

(Páx. 51)

Ainda duas prosas encerrán o libro como as dous tâboas de un díptico consular. Na derradeira hachamos máis de personal lembranza sutil que de relación co resto do volume: no que responde aquél grato rumor de aguas vivas, de unha espiritualidade primitiva e súa que, apricada á nosa futura poesía galega, captará na súa inquida rede os máis ourilcentes volvuetas do poeirín.—F. B. B.

ANTONIO NOBRE E AS GRANDES CORRÉNTES LITERARIAS DO SÉCULO DESANOVÉ, por Augusto Ferreira Nobre, Porto, 1931.

Augusto Ferreira Nobre, sobrífio do gran poeta António Nobre, naceu en 1896 en Foz do Douro (Porto), estudos melicita viajou por España, Francia, Países Baixos, Alemaña, Suiza, Austria, Rusia, Italia, Argelia e Madeira. En 1919 foi nomeado Profesor da Facultade de Letras do Porto. En 1930 morreu, deixando escritos os ensaios que compõen iste libro e outros que non se publican. Seu fillo Augusto Nobre, Professor da Facultade das Ciencias do Porto, deu á imprensa istos escritos, precedidos dunha carta d'Alberto d'Oliveira e unha Introducción d'Adolfo Cassis Monteiro. Ademais do que sirve de titolo do libro, son outros cinco: *Os tres mosqueteiros* (Maurice Nogre, Londres, Paul Morand) *Les Autres, Nietzsche, O sonriso de Buddha e Resposta a seu questionario* (da revista *Principio*). D'un espírito moi semellante ó de seu tío, Augusto Ferreira Nobre foi ademais un orientalista de tipo romántico e sentimental. Sintese o engado sentimental do Buddhismus —coñecido, ó que semella, a través de traducións— aunque non foi pessimista, senón pol-a contraria, creente no progreso (que é onde máis allén pode chegar o optimismo), nunha sucesiva ascensión do home, representada por Buddha, Jesús, Nietzsche... Temperamento principalmente poético; crítico impresionista; tamén, un inadaptado.—V. R.

GUIA DE OSERA, Ourense, 1931.

Pubrica esta Guía un membro da Comunidade que hoxe ocupa o sondo Mosteiro, e que tanto leva feito pola restauración do monumento e polo progreso agrícola d'aquela terra. É un libro de 107 páginas, pra uso dos turistas, que contén os datos más importantes sobre o Mosteiro: unha síntese histórica, unha descripción e un Abaroloxio, ilustrado con moitas fotografías e desenhos do Professor de Dibuxo d'Ourense señor Sozzi, qu'ajudan molto para apreciación de detalles. Resulta unha obra moi erudita e ben feita, da maior utilidade espráctica.

## NÓS

### REVISTAS

OC, Revista de la Renaixença dels països d'oc Novembre-Decembre, 1931.

Trad: *La Constitució nova d'Espanya*, por J. Carbonell; *Gervi i els seus estudis a la Marca Hispánica*, por A. Millán i Vallcrossa; *Gramática occitana*, *Petita Antología*, e moitas notizas de literatura occitana, febrisimo, etc.

NÓS adica un simbó fraternel á esta revista, a que a ligam a coincidencia d'ideias e d'intereses, e deseja un traxito comprendido a renacencia occitana.

LA NOSTRA TERRA, Mallorca, Gener, Febrero 1 Març, 1932.

Pubrica: unha tradución da tan sonada conferencia do alemán E. R. Curtius en col de *L'abundé de la cultura*, por Lluís A. Morós, e o n.º de Març ven dedicado á lembranza de Goethe, con traballos de Joan Estelrich, Bernhard Kellermann, Pere Coromines, A. Crespi, e varias traducións.

BREIZ-ATAO, Rennes, Janvier, Fevrier, Mars et Avril, 1932.

Pubrica: *Declaration du Parti National breton adoptée à Landernau; L'Irlande d'aujourd'hui; Heure d'une Race*, por J. La B.

LA BRETAGNE FEDERALE, Rennes, Fevrier, 1932.

Pubrica: *La Paix*, por Moisan Marchal, e *La Comédie Corsa e a Nuova*.

BOLETÍN DE LA SOCIEDAD CASTELLO-NENSE DE CULTURA, t. XIX, 1931, q. VI e t. XIII, 1932, q. I e II.

Pubrica: *Cartas-Pueblas de Ribesaltos, Berita, Truchelles y Vall d'Uixó e Refrains i modismos valencianos*, por Joan M. Borràs Jarque.

REVISTA DE CULTURA, Rio de Janeiro, Fevereiro 1932.

Trad: *O elemento trágico no episodio de Ignés de Castro*, por P. Pedro Schneider, S. J.

SUDETENDEUTSCHE ZEITSCHRIFT FÜR VOLKSKUNDE, Prag, I Heft, 1932.

Pubrica: *Goethe und die deutsche Volkskunde in Böhmen* polo Dr. Gustav Jungbauer.

ESPLAI, Barcelona.

Suplemento tipo magazín do diario católico catalán *El Matí*, moi fermoso de presentación e curioso e interestante de contenido.

BELÉN, Habana, n.º 32.

Pubrica: *La Presea de los Estados Unidos y la expulsión de los jesuitas de España y Rincón de historia de Cuba: Aurelio Mijana*.

EL MATÍ, Barcelona.

Pubrica algúns interesantes suplementos, sendo de remarcar o dedicado a *Els Ordes religiosos a Catalunya*.



A hixiene nos nenos  
é a garantía da sua saúde física e  
moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o  
**"Jabón Sales de la Toja"**,  
único que ás suas altas calidades  
meicinás xunta toda a finura e pre-  
fume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito des-  
enrolo das criaturas e evi-  
ta o perigo da escrófula e  
o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
ÚNICO EN EL MUNDO



RELODA

O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro

MERQUE VOSTE DE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MAIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPA MILLOR,  
VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

# Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo Santiago de Galicia

De los Profesores

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

GIRIJANO

GINECÓLOGO

## FOTOGRAFIA DO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfeito posibres, convenile envialos aos  
**Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será unha biblioteca galega, mentres non adequira as obras editadas por

NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
HORTAS, 20 SANTIAGO